

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA  
POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO  
O DÍA VINTE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO: - - - - -**

=====

**PRESIDENTE:**

D. Telmo Martín González

**CONCELLEIROS/AS:**

- D. Juan Antonio Deza Otero
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez
- D. Rafael Domínguez Piñeiro
- D<sup>a</sup> María Deza Martínez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D<sup>a</sup> Silvia Freire Fernández
- D. Alfonso Rea Pérez
- D. José Daniel Fernández Piñeiro
- D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez
- D. David Otero Domínguez
- D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Coral González-Haba Pérez
- D<sup>a</sup> Vanessa Rodríguez Búa

**NON ASISTEN:**

- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D. Maximino González Miniño
- D. Roberto Carlos Agís Balboa
- D. José Juan Vidal Vilanova (interventor xeral)

**SECRETARIO :**

D. Angel Luis López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día vinte de decembro de dous mil dezaoto, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ,** reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria e urxenteordinaria e urxente da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----

O **Sr. Presidente** someteu a votación a ratificación da urxencia da convocatoria que foi aprobada pola unanimidade dos corporativos presentes.

**UNICO: POSTA EN COÑECEMENTO DO DECRETO DA ALCALDÍA DO DÍA DE HOXE, POLO TRÁXICO AFUNDIMENTO DO BUQUE PESQUEIRO “SIN QUERER DOS” CON BASE EN PORTONOVO, ASÍ COMO A DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE CONDOLENCIA ÁS VÍTIMAS.** O **Sr. Secretario** da lectura ao decreto da alcaldía, asinado no día de hoxe, que literalmente di:

“O naufraxio ocorrido no día de onte, 19 de decembro de 2018, encheu de pesar a veciños e veciñas de Sanxenxo e nese sentido, o Concello de Sanxenxo acordou declarar loito oficial até as 24.00h. do día 22 de decembro. Ademais, celebrarase unha concentración silenciosa nas portas da Casa Consistorial, o día 20 de decembro ás 12 da mañá.

Este Concello, como non podía ser doutra maneira, non é alleo á profunda dor causada polo afundimento do pesqueiro “SIN QUERER DOS”, e quere manifestar a súa solidariedade cos familiares e achegados das vítimas do accidente.

O “SIN QUERER DOS”, antigo “Praia de Portonovo”, é un barco con base en Portonovo. Un pesqueiro moi querido e coñecido por todos os veciños e veciñas da vila. Entre a súa tripulación atopábanse no momento do suceso, veciños de vila, aos que Sanxenxo quere enviar ánimos nestes momentos difíciles, pero, sobre todo, solidarizarse coas familias e coñecidos dos falecidos, veciños de Cambados.

Por todo iso, RESOLVO:

Decretar loito oficial en Sanxenxo, polo trágico accidente do naufraxio do barco “SIN QUERER DOS”, ocorrido o 19 de decembro de 2018, desde a data desta resolución até as 24.00h. do día 22 de decembro de 2018. Nestes días ondearán a media hasta as bandeiras oficiais, convocando así mesmo unha concentración, nas portas do Concello, o día 20 de decembro ás 12.00h. para gardar 1 minuto de silencio.

O alcalde, Telmo Martín González, o secretario xeral, Angel Luis López Pita (documento asinado dixitalmente o 20 de decembro de 2018).”

**A Corporación deuse por enterada do referido decreto da alcaldía.**

A continuación o **Sr. Presidente**, en representación de toda a corporación, deu lectura a unha declaración institucional apoiada por todos os corporativos, que literalmente di:

**“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DE NAUFRAXIO DO PESQUEIRO SIN QUERER DOUS.**

Con motivo do naufraxio do pesqueiro Sin Querer Dous, o Concello de Sanxenxo, en representación de toda a cidadanía, quere mostrar a súa solidariedade cos familiares e amigos das vítimas.

O naufraxio ocorrido no día de onte, 19 de decembro de 2018, encheu de pesar a veciños e veciñas de Sanxenxo e nese sentido, esta Corporación acordou declarar loito oficial ata as 24.00 h. do día 22 de decembro. Ademais, celebrarase unha concentración silenciosa nas portas da Casa Consistorial, o día 20 de decembro ás 12 da mañá.

Este Concello, como non podía ser doutra maneira, non é alleo á profunda dor causada polo afundimento do pesqueiro “Sin querer dous”, e quere manifestar a súa solidariedade cos familiares e achegados das vítimas do accidente.

O Sin Querer Dous, antigo Playa de Portonovo, é un barco, de 26 metros de eslora, con base en Portonovo. Un pesqueiro moi querido e coñecido por todos os veciños e veciñas da vila. Entre a súa tripulación atopábanse no momento do suceso, veciños de Portonovo, aos que esta Corporación quere enviar ánimos nestes momentos difíciles, pero, sobre todo, solidarizarse coas familias e coñecidos dos falecidos, veciños de Cambados.

O regreso a casa do buque truncouse este mércores de forma inesperada para a súa tripulación, despois de descargar a súa pesca na Coruña, procedente de Gijón. Poñían Rumbo a Portonovo, co propósito de pasar as festas do Nadal cos seus familiares e amigos.

No día de onte, pouco antes das dúas da tarde coñeciamos a triste noticia deste naufraxio. Seis, dos dez tripulantes, lograron poñer a salvo as súas vidas e ser rescatados por pesqueiros da zona, mentres outros tres falecían e un cuarto continúa desaparecido. Aos sobreviventes, queremos enviarlles moita forza, pero, sobre todo queremos solidarizarnos e transmitir a nosa dor ás familias dos falecidos, Manuel Serén, Bernardino Padín e Teófilo Rodríguez. E coa familia de Guillermo Casais, que continúa desaparecido.

Nestes momentos non podemos evitar lembrar outra traxedia, de dimensións similares, dun pesqueiro veciño. Os Novo Marcos, de Poio, dirixíase a Combarro, en abril do ano pasado, cando ás catro da madrugada chocou cunha batea. Un accidente que deixou tres falecidos. Ou do pesqueiro Silvosa, que envorcaba hai tan só unhas horas, en Malpica, deixando outro falecido.

Como estes, outros moitos naufraxios, leváronse vidas de familiares veciños e amigos, que tamén queremos lembrar hoxe aquí.

Por último, queremos facer un chamamento, á cidadanía, para que participe o minuto de silencio convocado para esta mañá e a poñer en manifesto o apoio e a solidariedade con todas as familias.

Sanxenxo está a sufrir, Cambados está a sufrir, Galicia está a sufrir e toda España está a sufrir. Non morre quen se vai, só morre o que se esquece, e o Concello de Sanxenxo non vos esquecerá xamais.””

A continuación, ao non se producir intervencións a presidencia someteu a votación esta declaración institucional que foi aprobada, por **unanimidade**, de todos os corporativos presentes.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia, deu por rematada a sesión sendo as once horas e cuarenta e tres minutos, de todo o que, eu secretario, **dou fe:**